



# Atopados <sup>7</sup>

## A fosa 1 de San Xián

### Proceso de investigación antropológico-forense e de identificación do esqueleto. Fosa 1-individuo 3 MANUEL PRUDENCIO DEL ROSARIO


Disposición dos esqueletos na fosa 1.  
O esqueleto 3 correspóndese con Manuel Prudencio del Rosario




#### INVENTARIO DOS RESTOS CHEGADOS AO LABORATORIO




Obxectos asociados ao esqueleto: elementos férricos (cravos, corchetes) e 2 botóns.




Orificio de entrada de proxectil de arma de fogo en zona parietal esquerda.



Orificio de saída de proxectil de arma de fogo en zona parietal dereita.



Lesión destrutora de oso en tibia, similar á que presentaban os restos de Abilio Araújo Barbosa compatíbeis con lesión antemortem producida por perdigón.



#### MOSTRA INDUBIDABLE

Tomada con data 18-4-09 de Angelina Prudencio Penedo filla de MANUEL PRUDENCIO DEL ROSARIO con DNI 35890347-C.

#### RESULTADOS ESTUDO ANTROPOLÓXICO:

Os datos antropolóxicos confirman que os restos pertencen a un VARÓN ADULTO NOVO (25-40 anos de idade), de TALLA arrededor de 167 cm. e que presenta:

- 1) Traumatismo cranio-encefálico SEVERO perimortal con disparo de arma de fogo que entra por parietal esquerdo e sae polo parietal dereito.
- 2) Lesión antemortem producida por perdigón nunha perna.

#### RESULTADOS ESTUDO XENÉTICO:

Segundo INFORME 47/09 do Instituto de Medicina Legal da Universidade de Santiago de Compostela recibido neste laboratorio o día 26-3-10, conclúese o seguinte:

- En termos porcentuais, o valor de probabilidade para a hipótese de que o doante de M3: dentes pertencentes ao esqueleto chamado FOSA 1-ESQUELETO 3 sexa o pai biolóxico do doante de M1: torunda de algodón de mucosa oral rotulado co nome de Angelina Prudencio Penedo é de 99,999999% (a priori de 0,5).

#### CONCLUSIÓNS MÉDICO LEGAIS:

- 1) Os restos óseos estudados como FOSA 1-ESQUELETO 3 correspóndense cos do pai de Angelina Prudencio Penedo é dicir con MANUEL PRUDENCIO DEL ROSARIO.
- 2) Os restos óseos presentan signos de violencia.
- 3) A orixe médico legal máis probable da morte é a HOMICIDA.
- 4) Os restos óseos presentan un signo de ter recibido disparo de perdigóns algúns días antes da morte.
- 5) A causa da morte máis probable está en relación cun TRAUMATISMO CRANIO-ENCEFÁLICO SEVERO producido por DISPARO DE ARMA DE FOGO.